

ELVIRA LAMA FERNANDEZ, deputada provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, e ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. así como o previsto no Regulamento da Corporación, presenta una **MOCIÓN SOBRE MEDIDAS DE APOIO Ó SECTOR DA PATACA ANTE A PRAGA “COUZA GUATEMALTECA DA PATACA”**, solicitando que se someta a debate polo Pleno, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A praga denominada “*couza guatemalteca da pataca*”, provocada polo organismo nocivo denominado “*Tecia solanivora Povolny ou Scrobipalopsis solanivora Povolny*”, é unha das de maior incidencia económica no cultivo da pataca en América Central e América do Sur, foi observada e identificada nas Illas Canarias en 1999, chegando a producir perdas próximas ao 50% da produción total.

A praga foi detectada en Galicia en Agosto do 2015, nos Concellos de Ferrol, Narón e Neda. O territorio delimitado foise estendendo a Cervo, Foz, Xove, O Valadouro e Viveiro (Resolución de 25 de febreiro de 2016). A 2 de febreiro de 2017 (Resolución publicada no DOG 6 de febreiro) amplíase a varias zonas da provincia da Coruña e da provincia de Lugo. Ningunha zona da provincia de Ourense.

Segundo a Directora Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, o Ministerio de Agricultura está a redactar un Real Decreto que recolle a prohibición de realizar novas plantacións nas zonas determinadas pola devandita Resolución.

Sen lugar a dúbidas a pataca é un dos produtos máis característicos da nosa comunidade, tanto pola cantidade coma pola súa calidade, tanto é así que existe o recoñecemento da Indicación Xeográfica Protexida “Pataca de Galicia”; que debido a esta praga corre un grave risco, xa que, entre os concellos afectados pola delimitación, hai moitos deles pertencentes á subzona Terra Chá- A Mariña.

Unha das principais zonas produtoras de Galicia é a comarca de A Limia, que colleita unha media superior aos **110 millóns de quilos o ano**, o que supón unha quinta parte do total que se recolle en Galicia.

Para a comarca de A Limia esta produción é un pilar fundamental da súa economía e a posible chegada desta praga, pode supor unha parálise de tódolos sectores económicos que sosteñen esta comarca e, por elo, do conxunto da provincia de Ourense.

Aínda que a día de hoxe, oficialmente, a praga non está nas principais zonas de cultivo de Galicia, nada indica que non poida chegar, como indicaba o presidente do Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) “Pataca de Galicia”, con sede en Xinzo, Julio Gómez Fernández, quen

demandaba que “haberá que tomar medidas, e rápido, para atallar o problema”.

Hai que sinalar tamén a importancia deste produto fundamental na economía da maioría dos fogares do medio rural que o cultivan para o seu autoconsumo ou para comercialización, sendo un sustento importante nas comarcas rurais da provincia.

O anuncio dun inminente Real Decreto de prohibición de plantacións está creando gran inquedanza así coma unha situación de inseguridade xurídica neste momento no que a tempada de plantación da pataca está a piques de comezar.

Por isto, o Grupo Provincial Socialista formula ante o **Pleno** a proposta dos seguintes **ACORDOS**:

1º.- Instar ao Goberno de España á **publicación urxente** do Real Decreto onde se regule a plantación da pataca nas zonas delimitadas pola praga.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a **dispor da partida orzamentaria suficiente** para proceder ás oportunas indemnizacións que deriven da campaña oficial de erradicación.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha un **Plan de investigación científica** a través dun convenio coa Universidade e/ou Centros de Investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga da couza guatemalteca.

4º.- Instar á Consellería de Medio Rural a establecer un **Plan informativo** sobre a praga, as medidas a tomar para o seu control e, no seu caso, o plan de indemnizacións aos agricultores afectados.

5º.- Poñer en marcha, dende a Deputación provincial, a **implicación do Instituto do Campo, dependente do INORDE** , para as tarefas de análise e asesoramento técnico en relación a esta praga.

En Ourense, 14 de febreiro de 2017.

Asdo.: Elvira Lama Fernández

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.